# UNIDADE 1
# LINGUA GALEGA

**AR**

**Nome e apelidos:** ..............................................................................................................

**Curso:** ............................................................ **Data:** ................................................................

**1** Relaciona a columna da esquerda coas fórmulas de cortesía que aparecen á dereita:

| | |
|---|---|
| Saúdas a conserxe pola mañá. | Por favor, ¿podo saír? |
| Bates a porta da clase sen querer. | Saúde. |
| Queres ir ao servizo. | Bos días. |
| Esbirra o teu compañeiro. | Perdón. |

**2** Completa este texto. Elixe as palabras que necesites da lista que hai debaixo:

Teño unha ____________________ nova para ir ao cole. Nela levo os libros e un ____________________ onde cabe todo o necesario para pintar e escribir: os ____________________ para debuxo e o ____________________, por se lles rompe a pica; a ________________ para medir en Mates; unha ________________ de borrar, etc.

| | | | |
|---|---|---|---|
| caderno | encerado | goma | mochila |
| mazá | afialapis | canastra | estoxo |
| ximnasio | lapis | xiz | regra |

**3** Nesta sopa de letras, busca catro palabras relacionadas coa escola, escríbeas nas raias e rodea as sílabas tónicas:

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | D | E | R | N | O | G |
| M | H | Ñ | X | E | A | T | A |
| E | A | M | A | P | I | Q | U |
| S | I | A | M | L | A | F | L |
| T | C | O | E | R | I | E | A |
| R | A | I | S | X | I | L | Z |
| E | Ñ | U | I | A | T | I | M |

____________________________

____________________________

____________________________

____________________________

**4** Contesta: As linguas que proceden do latín chámanse linguas ____________________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 1
# LINGUA GALEGA

**AA**

**Nome e apelidos:** ..........................................................................................

**Curso:** .......................................................... **Data:** ..........................................................

**1** Fíxate nestas situacións e di como saudarías en cada caso:

Érgueste pola mañá e atopas o teu pai na cociña.

_______________________________________________

Despois de comer, tes actividades extraescolares; saúdas a profesora de música cando entras na clase.

_______________________________________________

Xa é de noite e sobes no ascensor cun veciño moi velliño.

_______________________________________________

**2** Le este texto; logo, copia as palabras subliñadas e di de que tipo son segundo o seu número de sílabas:

Eu son Álvaro e esta é a miña <u>panda</u>. Somos nenos e nenas de <u>diferentes</u> idades, aínda que a maioría temos nove ou <u>dez</u> anos. Algúns viven na <u>cidade</u>, pero veñen moitas veces á miña vila e estamos todos xuntos.

______________ : ____________________

______________ : ____________________

______________ : ____________________

______________ : ____________________

**3** Busca no texto anterior unha palabra aguda, outra grave e outra esdrúxula:

Aguda: ______________________

Grave: ______________________

Esdrúxula: ______________________

**4** Escribe tres linguas non románicas.

_______________________________________________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 1
## LINGUA GALEGA

**ARV**

**Nome e apelidos:** ..................................................................................................................

**Curso:** ..................................................... **Data:** .....................................................

**1** Busca a palabra *colexio* no dicionario e saberás cal das seguintes afirmacións é falsa. Márcaa cun X:

- ☐ Ten varios significados.
- ☐ Unha das súas acepcións é: «Centro público ou privado de ensino primario ou secundario».
- ☐ A súa categoría gramatical é «verbo».
- ☐ A súa categoría gramatical é «substantivo masculino».

**2** Clasifica as palabras que aparecen na columna da esquerda segundo o seu número de sílabas e segundo a súa sílaba tónica:

| | **Polo número de sílabas** | **Pola sílaba tónica** |
|---|---|---|
| encerado | polisílaba | grave |
| inglés | | |
| caderno | | |
| matemáticas | | |
| xiz | | |
| bolígrafo | | |
| profesora | | |

**3** Ordena as letras e obterás os nomes de catro linguas que se falan na Península Ibérica. Escríbeas e rodea a que non procede do latín:

N Á T A S E C L: _ _ _ _ _ L _ N

G E G A L O: G _ _ E _ _

U P É U R O T G S: _ O _ _ _ G U _ _

S A C O É R U: _ _ S _ _ _ O

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 2
## LINGUA GALEGA

**AR**

**Nome e apelidos:** ..........................................................

**Curso:** .......................................... **Data:** ..........................................

**1** Le este poema e, logo, responde as preguntas:

Outono
    ten sono.
Non pode durmir.

Ponlle unha mantiña
que se queda axiña
sereno
        e
          feliz.

Antonio García Teijeiro

a) ¿Cantos versos ten? ¿E cantas estrofas?

_______________________________________________

b) Todo o poema é unha personificación do outono. ¿Por que?

_______________________________________________

**2** Busca neste barullo de letras catro palabras graves relacionadas co tempo que vai no outono. Escríbeas nas raias:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| C | N | E | B | R | A |
| H | I | B | E | C | D |
| U | R | F | L | A | Q |
| V | I | R | U | X | E |
| I | P | I | X | O | S |
| A | V | E | N | T | O |

_______________________

_______________________

_______________________

_______________________

**3** Volve ao poema do exercicio 1:

a) Subliña con azul o suxeito de «*Outono ten sono*» e, con vermello, o predicado.

b) Indica o núcleo do suxeito: _______________________

c) Indica o núcleo do predicado: _______________________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 2
## LINGUA GALEGA

**AA**

**Nome e apelidos::** .................................................................

**Curso:** ........................................ **Data:** ........................................

**1** Substitúe as palabras subliñadas neste texto polo sinónimo que corresponda en cada caso. Elíxeo da lista que hai abaixo:

Onte fun ao monte co meu pai para buscar cogomelos __________ . Como é outono, collemos moitísimos, pero non foi nada fácil atopalos. Non viamos ben, porque a brétema __________ o cubría todo. Ademais, caía unha babuña __________ moi incómoda. Tamén, había que ter coidado coas silvas __________, para non picarnos. Pero pasámolo ben, e volvemos á casa cunha cesta chea, e eu leveille á miña nai un pouco de fento __________ para adornar.

teixugo – borraxeira – fraga – fieito – treboada – fungos
ourizo – silveiras – poalla

**2** Clasifica estas palabras en dous grupos, segundo teñan til ou non, e ponlles o til ás que corresponda:

| | | | |
|---|---|---|---|
| lostrego | castiñeiro | xoaniña | humido |
| vento | paspallas | esquio | orballo |

| Sen til | | Con til | |
|---|---|---|---|
| __________ | __________ | __________ | __________ |
| __________ | __________ | __________ | __________ |

**3** Inventa suxeitos apropiados para estes predicados:

– ____________________ teñen unha cor especial no outono.

– ____________________ emigran a lugares máis calorosos.

– ____________________ é un froito típico do outono.

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 2
# LINGUA GALEGA

**ARV**

**Nome e apelidos:** ..............................................................................................................

**Curso:** ........................................................ **Data:** ........................................................

**1** Escribe V (verdadeiro) ou F (falso) nos recadros:

- ☐ Cada liña dun poema é un verso.
- ☐ Non hai que facer pausas despois de cada verso.
- ☐ Unha estrofa é un grupo de versos.
- ☐ Despois dun verso sempre vai punto e á parte.
- ☐ *O vento bocexa* é unha personificación.

**2** Une as palabras da esquerda cos seus sinónimos da dereita:




| | |
|---|---|
| castiñeira | golpe |
| rama | acevo |
| raposo | souto |
| carriza | póla |
| acivro | brión |

**3** Ordena estas palabras e forma oracións. Logo, subliña o suxeito e rodea o predicado:

sol Unha atravesou raiola de árbores. as

________________________________________________

fixeron seus As niños. andoriñas os

________________________________________________

emigran Os outono. paxaros no

________________________________________________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 3
## LINGUA GALEGA

**AR**

**Nome e apelidos:** ....................................................................................................................

**Curso:** ........................................................... **Data:** ...................................................................

**1** Inventa o que lle sucede á bruxa Artuxa. Tes que utilizar estas palabras:

| magosto | queimar | vasoira | preocupada |
|---|---|---|---|

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

**2** Relaciona as expresións da columna da esquerda co seu sinónimo e co seu antónimo:

| | **Sinónimo** | **Antónimo** |
|---|---|---|
| Ser un moucho. | aparvado | falador |
| Andar nas verzas. | medroso | bo |
| Ser un caguiñas. | malo | valente |
| Ser un demo. | calado | espelido |

**3** Completa os ocos destas oracións coas palabras seguintes: *nó, póla, á, présa.*

– O vento rompeu unha ____________ desa árbore.

– Non ten ____________ e nunca chega a tempo ____________ escola.

– Fixo un ________ mariñeiro cunha corda ben forte.

**4** Escribe tres substantivos que atopes nas oracións do exercicio anterior e di se son concretos ou abstractos:

1. ____________ 2. ____________ 3. ____________

O 1 é un substantivo __________________

O 2 é un substantivo __________________

O 3 é un substantivo __________________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 3
# LINGUA GALEGA

**AA**

**Nome e apelidos:** ..........................................................................................................................

**Curso:** ............................................................ **Data:** ..............................................................

**1** Escribe de novo estas oracións substituíndo as palabras subliñadas polo seu correspondente antónimo:

Esta mañá vin a Mateo bastante alporizado.

______________________________________________

O conserxe do colexio é moi amable.

______________________________________________

**2** Nas seguintes oracións, risca o recadro que non corresponda:

– O árbitro pitou [fora] [fóra] de xogo.

– Non [té] [te] preocupes por min.

– Perdín as chaves [dá] [da] casa.

– O paxaro batía coas [as] [ás] na ventá.

**3** Cada ovella co seu rabaño. Relaciona os nomes individuais da esquerda cos seus correspondentes colectivos:

| | |
|---|---|
| ovella | alumnado |
| abella | rabaño |
| soldado | enxame |
| estudante | exército |

**4** Escribe unha oración cos substantivos que se indican:

bóla – árbore – Nadal

______________________________________________

pé – óso – dor

______________________________________________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

Nome e apelidos: ...........................................................................

Curso: ............................................ Data: ............................................

**1** Imaxina que chegas á casa despois do cole e atopas unha cabaza no teu cuarto con esta mensaxe: «Invítote á miña festa de disfraces. Samaín».

Inventa unha historia e cóntalla ao teu diario:

**4 de outubro**

*Querido diario:*

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

**2** Escribe nomes propios para:

O apelido dunha persoa: ______________________

Un río: ______________________

A cidade, vila… onde naciches: ______________________

Un can: ______________________

Un país: ______________________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 4
## LINGUA GALEGA

**AR**

**Nome e apelidos:** ..........................................................................................................

**Curso:** ........................................................ **Data:** ........................................................

**1** Imaxina que o teu mellor amigo ou amiga acaba de ter un irmanciño. Escríbelle unha mensaxe de felicitación nesta tarxeta. Podes decorala con debuxos:



**2** Nas seguintes oracións, a palabra *aire* ten diferentes significados. Substitúea, en cada caso, polo sinónimo que corresponda desta lista:

susto - tormenta - enfado - vento - aspecto - parecido - mal - osíxeno

– Vai pola vida con aire ______________ distraído.

– Corrín tanto que me falta aire ______________ para respirar.

– Hoxe vai un aire ______________ que corta.

– Ao meu pai deulle un aire ______________ e ten que estar na cama.

– Sabela ten un aire ______________ coa súa curmá.

**3** Nesta lista de palabras, rodea con verde os ditongos crecentes, e con vermello, os decrecentes:

cincuenta    piolla    chuvia    feira    froita    dous

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 4
# LINGUA GALEGA

**AA**

**Nome e apelidos:** ..............................................................................................................

**Curso:** ............................................................ **Data:** ............................................................

**1** Le as oracións e, despois, relaciónaas coa columna da dereita, segundo o significado que teña a palabra *ollo:*

| | |
|---|---|
| Álvaro ten os ollos negros. | Coidado. |
| Mete o fío polo ollo da agulla. | Expresión de cariño. |
| Pon moito ollo no que fas. | Órgano da vista. |
| Tareixa é a nena dos meus ollos. | Burato. |

**2** Clasifica as seguintes palabras, segundo conteñan ditongos ou hiatos:

camión, baúl, meiga, coello, fiúncho, moa, doenza, bailarín, xeo, chío, peite, soidade, león, bágoa, vasoira

Con ditongo: ______________________________________________

______________________________________________

Con hiato: ______________________________________________

______________________________________________

**3** Escribe o feminino dos substantivos masculinos subliñados no texto:

O <u>mestre</u> levounos a ver unha obra de teatro. Fomos en autobús, e o <u>condutor</u> deixounos na porta. Todos os <u>rapaces</u> estabamos moi ilusionados. Cando levantaron o pano, apareceron un <u>actor</u> que facía de <u>rei</u>, outro que facía de seu <u>irmán</u>, e outro que era un <u>home</u> malvado. Rifaban todos por uns animais que tiñan poderes máxicos: un <u>carneiro</u> e dous <u>cabalos</u>. Ao final, chamaron polo <u>emperador</u> para que resolvese o problema.

| | | | |
|---|---|---|---|
| mestre | → mestra | ____________ | → ____________ |
| ____________ | → ____________ | ____________ | → ____________ |
| ____________ | → ____________ | ____________ | → ____________ |
| ____________ | → ____________ | ____________ | → ____________ |
| ____________ | → ____________ | ____________ | → ____________ |

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 4
# LINGUA GALEGA

**ARV**

**Nome e apelidos:** ..........................................................................................................

**Curso:** ........................................................ **Data:** ........................................................

**1** Le estas oracións e di cal é o significado da palabra *claro* en cada unha delas. Para iso, escribe nos recadros o número que corresponda:

| | |
|---|---|
| ☐ Ese río ten unhas augas moi claras. | 1. Luminoso. |
| ☐ O sétimo é un piso moi claro. | 2. Ocos. |
| ☐ O mestre é claro cando explica. | 3. Limpas. |
| ☐ O hórreo de Carnota ten 21 claros. | 4. Preciso. |

**2** As seguintes definicións corresponden a palabras que conteñen ditongos. ¿Cales son? Escríbeas:

– Tempo que vai desde a postura ata a saída do sol: ____________________

– Número comprendido entre o sete e o nove: ____________________

– Planta alongada, comestible, de cor laranxa, que lles gusta moito aos coellos:

____________________

– Persoa que reparte as cartas a domicilio: ____________________

**3** Ordena as letras que hai nos cadros e terás o plural das palabras que aparecen á esquerda:

| | | |
|---|---|---|
| xirasol | l r e i s<br>x a s o | ____________________ |
| canción | n a i s<br>c c n ó | ____________________ |
| animal | i s i n<br>m a a | ____________________ |
| árbore | r s o<br>r b e á | ____________________ |

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 5
## LINGUA GALEGA

**AR**

**Nome e apelidos:** ................................................................................................................

**Curso:** .............................................................. **Data:** ..............................................................

**1** Completa os versos con algunha destas palabras, de modo que rimen:

mal lúa colorido flores colorado árbore

O arco da vella
no ceo subido
co seu colorín,
co seu __________ .

O arco da vella
con sete colores
que teñen no ceo
beleza de __________ .

O arco da vella
no ceo chantado
co seu colorín,
co seu __________ .

O arco da vella
é un arco triunfal
con sete guerreiros
que a ninguén fan __________ .

Manuel María

**2** Completa o encrucillado coas palabras da familia de *boca* que correspondan:

bocado
sándwich
embocadura
vogal
bocadillo
voceiro
bocalada
bocexo




1. Dúas rebandas de pan con xamón, chourizo ou outro alimento dentro.
2. Parte dos instrumentos musicais de vento por onde se sopra.
3. Feito de abrir involuntariamente a boca por sono, aburrimento, etc.
4. Cantidade de aire que se toma ou expulsa dunha vez pola boca.

**3** Repara nas contraccións subliñadas no exercicio 1. ¿Con que palabras están formadas? Escríbeas:

da: ________ + ________ no: ________ + ________ co: ________ + ________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 5
# LINGUA GALEGA

**AA**

**Nome e apelidos:** ..................................................................................................................

**Curso:** .............................................................. **Data:** ..............................................................

**1** Le esta estrofa e di que versos riman. A rima, ¿é asonante ou consonante? ¿Por que?

Lonxe da terriña,
lonxe do meu lar,
¡que morriña teño!,
¡que angustias me dan!

Riman os versos ______________ e ______________.

A rima é ______________________, porque ______________________________________

**2** ¿De que se ocupa cada un destes médicos? Relaciona os dous recadros:

| | |
|---|---|
| pediatra | oídos |
| otorrino | enfermidades de nenos |
| cirurxián | enfermidades dos ollos |
| oculista | fai operacións |

**3** Escribe este texto de novo, pero poñendo os puntos e as maiúsculas que cumpra:

querida cristina: chegamos á coruña ás 17 45 horas a viaxe desde santiago resultou do máis entretido no tren en que viaxamos actuou o mago merlín

______________________________________________________________________

______________________________________________________________________

______________________________________________________________________

______________________________________________________________________

**4** Rodea as contraccións que atopes no exercicio anterior e di que preposicións e que artigos as forman:

__________: __________ + __________ __________: __________ + __________

__________: __________ + __________ __________: __________ + __________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 5
## LINGUA GALEGA

**ARV**

**Nome e apelidos:** ..............................................................................................................

**Curso:** ........................................................ **Data:** ........................................................

**1** Relaciona cada parte da cabeza (columna da esquerda) coa comparación que se lle poida aplicar (columna da dereita):

| | |
|---|---|
| cabelos | brancos coma a neve. |
| dentes | negros coma o acibeche. |
| boca | suaves coma a seda. |
| ollos | doce coma o mel. |
| labios | vermellos coma a rosa. |

**2** ¡Atchís! Busca nesta sopa de letras catro palabras da mesma familia que *catarro*. Despois, escríbeas a carón:

____________________

____________________

____________________

____________________

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | T | A | R | R | E | I | R | A |
| A | G | O | C | I | M | Ñ | U | S | P |
| T | U | R | A | T | B | A | D | I | L |
| A | C | A | T | A | R | R | A | R | E |
| R | O | H | A | Z | I | C | P | O | Q |
| R | Q | E | R | A | F | E | S | X | O |
| O | D | I | R | W | I | H | M | A | T |
| S | I | B | A | K | R | E | I | Z | G |
| O | Ñ | U | L | X | A | Q | C | I | E |

**3** Nos seguintes enunciados faltan contraccións de preposición + artigo. Escolle a que cumpra en cada caso desta lista e complétaas:

tralos   do   polas   cos   ao   co   no   á

_________ mañás vou ________ colexio __________ autobús.

Andei todo o día ___________ peixes ___________ truel.

O día __________ meu aniversario farei unha festa ___________ amigos.

___________ hora ___________ recreo estamos ____________ parque.

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 6
# LINGUA GALEGA

**AR**

**Nome e apelidos:** ..........................................................................................................

**Curso:** .......................................................... **Data:** ..........................................................

**1** Une as dúas columnas e forma palabras con prefixo. Escríbeas nas raias:

| | | |
|---|---|---|
| in- | mercado | ________________ |
| des- | solo | ________________ |
| pre- | capaz | ________________ |
| sub- | ordenar | ________________ |
| super- | escolar | ________________ |

**2** Le as seguintes oracións. Rodea en vermello as contraccións de preposición + artigo e, en verde, as de preposición + determinante demostrativo:

– Collín o cinto destes pantalóns no armario da túa habitación.

– Naqueles anos non había teléfono nas casas.

– Busca nese caixón a receita da empanada.

– A mediados deste mes imos facer unha excursión ao campo cos profes.

– Vai ser mellor cortar o nó deses fíos cunha tesoira.

**3** Copia as contraccións que teñas atopado no exercicio anterior e indica como están formadas:

*destes* → de + estes ________ → ________ + ________

________ → ________ + ________ ________ → ________ + ________

________ → ________ + ________ ________ → ________ + ________

________ → ________ + ________ ________ → ________ + ________

________ → ________ + ________ ________ → ________ + ________

________ → ________ + ________ ________ → ________ + ________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 6
## LINGUA GALEGA

**AA**

**Nome e apelidos::** ..............................................................................................................

**Curso:** ............................................................ **Data:** ............................................................

**1** Separa o prefixo das seguintes palabras, segundo o modelo:

hidroavión → hidro + avión

hipertensión → ________________ antebrazo → ________________

antinéboa → ________________ semicírculo → ________________

predicir → ________________ imposible → ________________

**2** Puntúa estes enunciados coas comas e puntos e coma que sexan precisos:

– Os barcos de baixura pescan luras pescadas linguados ollomoles rodaballos etc. ás veces tamén collen algún polbo.

– Napoleón Bonaparte o francés era o emperador de Francia.

– Se o mes de agosto vén cheo bo magosto e bo nabo se vén nubrado poucas castañas e nabos furados.

**3** Le este texto. Despois, rodea os posesivos que aparezan e clasifícaos segundo indiquen un só posuidor ou varios:

Comparto a miña habitación co meu irmán. Cada un dorme na súa cama, ten o seu armario e as súas cousas… Pero só hai un ordenador, o noso ordenador, e cando eu estou a facer os meus traballos do cole, sempre vén el dicindo que o necesita. A nosa nai di que vai poñer un cartel na nosa porta con esta mensaxe: «Lembrade: Prohibido rifar no voso cuarto».

| Un só posuidor | Varios posuidores |
|---|---|
| | |

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 6
## LINGUA GALEGA

**ARV**

**Nome e apelidos:** ..............................................................................................................

**Curso:** ........................................................... **Data:** ...........................................................

**1** Comeza un conto e, para facelo, ten en conta estes datos:

- Ocorre o día do teu aniversario.
- Lugar: o teu cuarto.
- Protagonista: o trasno Bieito.

O día en que facía once anos, ______________________________________________

______________________________________________________________________

______________________________________________________________________

______________________________________________________________________

______________________________________________________________________

______________________________________________________________________

**2** Debuxa o teu cuarto. Escribe, como se fosen etiquetas, os nomes dos diferentes mobles que hai nel:

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 7
## LINGUA GALEGA

**AR**

Nome e apelidos: ........................................................................................................

Curso: ............................................................ Data: ............................................................

**1** Nas seguintes palabras, separa o lexema do sufixo e clasifica os sufixos:

| | | |
|---|---|---|
| caixiña | problemón | cullerón |
| casucha | barcaza | golpazo |
| animaliño | camiño | papelucho |

| | Lexema | S. diminutivos | S. aumentativos | S. despectivos |
|---|---|---|---|---|
| caixiña | caix- | -iña | ——— | ——— |
| casucha | | | | |
| animaliño | | | | |
| problemón | | | | |
| barcaza | | | | |
| camiño | camiño | ——— | ——— | ——— |
| cullerón | | | | |
| golpazo | | | | |
| papelucho | | | | |

**2** Divide estas palabras en sílabas:

papeis → ____________________ avoa → ____________________

unha → ____________________ carrete → ____________________

luns → ____________________ requeixón → ____________________

**3** Completa estas oracións con algún dos determinantes indefinidos do recadro:

Nesta praia hai __________ gaivotas.

Aínda quedan ____________ bombóns na caixa.

_________ os meus amigos xogan ao fútbol.

Non lle botes __________ sal ao peixe.

Apura, que temos ________ tempo.

pouco
todos
bastantes
moitas
demasiado
certo
cada

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 7
# LINGUA GALEGA

**AA**

**Nome e apelidos:** ..........................................................................................

**Curso:** ........................................................ **Data:** ........................................................

**1** Completa o seguinte cadro segundo o modelo:

| | -dor | -eiro | -ante | -ista |
|---|---|---|---|---|
| explorar | explorador | ——— | ——— | ——— |
| gando | | | | |
| presentar | | | | |
| comercio | | | | |
| xornal | | | | |
| xardín | | | | |
| electricidade | | | | |
| viaxar | | | | |

**2** Le estes enunciados e pon os guións que sexan necesarios:

– O galego antigo coñécese tamén co nome de galego portugués.

– Vou facerme un bocadillo de foie gras.

– Xa fixemos todos os exercicios das páxinas 10 12.

– Festas de San Xoán na vila: 24 28 xuño.

– A palabra es co la ten tres sílabas.

– Os deseñadores presentaron a moda da temporada primavera verán.

**3** Escribe oracións coas palabras que se indican:

primeiro cociñeiro cinco albóndegas

douscentos gramos queixo merenda

receita lentellas chourizo patacas

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 7
# LINGUA GALEGA

**ARV**

**Nome e apelidos:** ..................................................................................................................

**Curso:** ........................................................ **Data:** ........................................................

**1** Imaxina que o trasno Bieito vén visitarte o día do teu aniversario. Escribe un diálogo entre os dous e emprega algún destes verbos: *dicir, exclamar, preguntar, replicar, responder.*

—____________________________________________

—____________________________________________

—____________________________________________

—____________________________________________

—____________________________________________

—____________________________________________

—____________________________________________

**2** As receitas. Da lista que hai abaixo, elixe os ingredientes que necesites e colócaos no prato que cumpra.



ensalada



cocido



bocadillo

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| salchichón | lacón | cebola | chourizo | leituga |
| grelos | queixo | garavanzos | tomate | patacas |

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 8
## LINGUA GALEGA

**AR**

**Nome e apelidos:** ........................................................................................................

**Curso:** ........................................................ **Data:** ........................................................

**1** Le este texto e despois responde as preguntas:

Hoxe é mércores e non me custa madrugar porque <u>teño</u> clase de ximnasia. Gústame moito o baloncesto e <u>xogo</u> ben ao fútbol, pero iso de saltar o poldro a min non se me dá moi ben. O importante é que eu <u>estou</u> moi forte e que <u>paso</u> un bo momento cos meus compañeiros.

a) Repara nos verbos subliñados e sinala se están en 1ª ou en 3ª persoa.

Están en ____________________ persoa.

b) Escribe outras palabras que fagan referencia a esa persoa.

______________________________________________________________________________

**2** Escribe a palabra primitiva sobre a que se formaron estas derivadas:

motorista → ________________________ mergullador → ________________________

porteiro → ________________________ tenista → ________________________

automobilismo → ________________________ rebote → ________________________

esquiador → ________________________ telesquí → ________________________

**3** Clasifica os morfemas do exercicio anterior en prefixos e sufixos:

Prefixos: ______________________________________________________________________

Sufixos: ______________________________________________________________________

**4** Constrúe oracións en grao comparativo coas palabras que se indican:

*fútbol - divertido - golf*

______________________________________________________________________________

*Pau Gasol - alto - ti*

______________________________________________________________________________

© GRUPO ANAYA, S.A. Lingua galega 5º de Primaria. Material fotocopiable autorizado.

# UNIDADE 8
# LINGUA GALEGA

**AA**

**Nome e apelidos:** ..................................................................................

